

VOO

Unha proposta de Teatro O Cubo
Para primeira infancia, 1º e 2º de primaria



Sinopse

Voo é o novo espectáculo de Teatro O Cubo, unha peza de teatro físico e manipulación de obxectos para público infantil e familiar que aborda a meta máis soñada polo ser humano: voar sen ás. Inspiradas por esta utopía, dúas personaxes lanzaranse á procura do ceo envolvendo ao público na ingravidez e na fantasía. Comezarán con ilusión e asombro, entrará en xogo a esixencia e a avidez polo éxito e pasarán por a outros lugares como a convivencia, a amizade e o descubrimento do goce de soñar alto sen ter que gañar ou perder. A danza, a música, o movemento, a poesía visual e a comicidade están presentes en todo momento, facendo desta proposta unha viaxe para os sentidos.

Sobre a compañía

Teatro O Cubo é unha compañía galega de artes escénicas fundada en 2016 por Sofía Espiñeira e Roberto C. Mouriño. A súa proposta profesional fundaméntase na hibridación de linguaxes, utilizando o teatro como soporte para integrar disciplinas como o circo, a danza, a música en directo e o teatro de obxectos ou monicreques. O seu traballo oríéntase principalmente cara ao teatro familiar, de rúa e de pequeno formato, caracterizándose por unha posta en escena onde o movemento físico e a manipulación de obxectos teñen tanto peso narrativo como o texto. Na súa traxectoria destacan montaxes como Nube Nube Sol, Ghop!, De Vilatriste a Vilalegre e Voo, producións que reflicten o seu modelo de creación interdisciplinar e a súa formación técnica en diversas áreas artísticas

UNIDADE DIDÁCTICA VOO

Unha proposta didáctica para alumnado de infantil e 1º e 2º de primaria

Dende Teatro O Cubo presentamos a continuación unha proposta didáctica para acompañar este espectáculo, de modo que acudir ao teatro sexa unha experiencia máis enriquecedora para as nenas e nenos tanto de infantil como de 1º e 2º de primaria. Sabemos que son etapas diferentes, mais o espectáculo abrangue especialmente esta franxa de idade, de modo que plantexamos a unidade didáctica tendo en conta ambos ciclos de contidos que poden ser comúns con adaptacións ás necesidades específicas de cada idade. Tomaremos como referencia principal os obxectivos da etapa educativa de infantil, mais teremos en conta tamén os obxectivos de primaria de cara ás actividades propostas, ofrecendo variantes para que o profesorado poda adaptar as propostas ás necesidades específicas do seu propio alumnado.

Afondamos a continuación en certos aspectos clave da peza para contextualizar a obra e poñela en relación directa cos obxectivos, competencias e áreas da etapa educativa de infantil segundo o documento publicado no DOG do 9 de setembro do 2022, no que se recollen os aspectos citados e ao que a continuación facemos referencia.

(DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia)

1. Contextualización da peza teatral dende unha visión educativa

1.1. Valores, temáticas e contidos presentes en VOO

Podemos observar no espectáculo moitas temáticas para traballar na etapa educativa que comprende.

- O descubrimento e a exploración do entorno
- O descubrimento e a exploración do noso propio corpo e as súas posibilidades motoras
- O descubrimento e a exploración doutros corpos que se moven e comportan diferente a nós, como son os obxectos que se elevan, que non pesan, que rebotan ou se deslizan doutro xeito sobre o chan.
- As relacións interpersoais e como nos comunicamos nelas. As habilidades comunicativas dende o contacto, a empatía, a axuda mutua e a aceptación dos aspectos que nos diferencian

- A xestión e o recoñecemento das emocións propias (ilusión, alegría, frustración, medo, enfado...)
- A curiosidade e a imaxinación como motor de aprendizaxe
- O valor do proceso fronte ao resultado.
- O compañeirismo e o traballo en equipo

1.2. Unha linguaxe para o público infantil e familiar

Este espectáculo foi especialmente deseñado para as idades de infantil e primeiro ciclo de primaria, tanto na súa temática como na forma de transmitila, por iso utilizamos sobre todo catro elementos fundamentais

1. A *linguaxe non verbal* dende a expresión corporal, os sons vocais, as emocións, a danza, o movemento e o xogo

2. A *linguaxe verbal* a través do idioma galego expresado dende palabras moi básicas relacionadas con accións claras que suceden entre as personaxes da obra, tales como “aquí”, “alí”, “si”, “non”, “voo”, “non podo”, “agarda”, etc

3. Os *elementos visuais*, con especial atención nas formas xeométricas e as cores. Son recoñecibles formas básicas como o cadrado, o círculo e o triángulo nos obxectos e elementos presentes no espazo escénico, e as cores vivas do particular universo das personaxes, evocando contrastes entre o azul intenso do chan, o amarelo mostaza do vestiario, e os brancos e beiges das nubes e os elementos que van descubrindo na súa procura de voar

4. Os *elementos sonoros* a través dos son natural do aire e a música instrumental, que conforman a banda sonora do espectáculo

2. A relación do espectáculo e a proposta didáctica cos obxectivos da etapa educativa

Tanto pola linguaxe utilizada no espectáculo como polos valores e contidos que trata, deseñamos unha serie de actividades que axudan a desenvolver os obxectivos da etapa educativa do noso público de infantil (expostos a continuación), tendo en conta tamén aos cursos de 1º e 2º de primaria no seu maior grado de comprensión e afondamento nestes mesmos obxectivos que

poden seguir desenvolvendo e asentando, así como obxectivos propios de primaria para traballar na clase.

ARTÍCULO 7. Obxectivos da etapade infantil

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia

Ditas actividades tamén están en realción directa coas tres áreas para a experiencia e desenvolvemento infantil, contempladas no mesmo decreto, nas que poden seguir evoluíndo os primeiros cursos de primaria. Citamos a continuación:

2. As áreas de la educación infantil son as seguintes:

- a) Comunicación e Representación da Realidade
- b) Crecemento en harmonía
- c) Descubrimento e Exploración do Entorno.

ACTIVIDADES

1. Actividades previas ao espectáculo

As actividades previas teñen por obxectivo adentrar ao alumnado no que van ver e xerar curiosidade polos contidos da peza. Neste caso, polo feito de voar e o que rodea esta idea

Actividade 1. Que cousas voan?

Actividade 2. Xogamos co obxecto que voa

Actividade 3. E nós, podemos voar?

ACTIVIDADE 1.

QUE COUSAS VOAN?

Ámbito da actividade: Conversa guiada, comunicación, pensamento científico, observación, exploración e comprensión do entorno

Materiais ou elementos necesarios: Espazo na aula e/ou entorno e patio do cole

Descrición:

Esta actividade consiste nunha conversa guiada para descubrir entre todos e todas que cousas coñecemos que poden voar. Hai algunha no noso entorno? Observamos, descubrimos e facemos unha lista de todo o que atopemos.

O proceso:

1. Facemos un círculo

2. Conversa guiada: que cousas voan? Pensamos entre todas que cousas coñecemos que poden voar. Hai algunha que recoñecemos no noso entorno?

- Podemos mirar pola ventá ou saír ao patio para descubrilas.
- Podemos lembrar se vimos algunha cousa voar algunha vez e o contamos aos compañeiros.
- Tamén podemos ver se atopamos algunha desas cousas ou seres vivos nalgún dos libros da aula.
- A imaxinación tamén é benvida. Voan os pensamentos...? E os sonhos...?

Exemplos de cousas/seres que voan: os paxaros, as bolboretas, as abellas, os mosquitos, as follas das árbores, unha folla de papel, unha pluma, un globo, un avión, un helicóptero, un paracaídas, unha bolsa de plástico, unha pompa de xabón, un astronauta, un avión de papel...

3. Hai algún destes elementos na nosa aula? E no noso cole? E no noso pobo? Os vimos algunha vez? Poñemos en común e facemos unha lista con todos os nosos descubrimentos.

4. Observamos o movemento diso que voa (pluma, globo, folla de papel, pompa de xabón..) Por que voa? Deste xeito conectamos coa curiosidade que move ás protagonistas da nosa peza de teatro :)

Variantes primaria: podemos adentrarnos en contidos científicos e ambientais en torno á atmosfera, o aire, a forza da gravidade, a non-gravidade do espazo exterior...ou relizar un traballo de investigación dos descubrimentos históricos e intentos humanos de voar, como o ornióptero de Leonardo Da Vinci, o ala delta ou o primeiro globo aerostático

Área: Comunicación, Descubrimento da contorna, Crecemento en harmonía

Competencias: CCL, STEM, CPSAA, CE

Obxectivos: observar fenómenos, pensamento científico, habilidades comunicativas

ACTIVIDADE 2.

XOGAMOS CO OBXECTO QUE VOA!

Ámbito: Psicomotricidade, movemento, coñecemento do noso corpo

Materiais ou elementos necesarios: espazo na aula, globos, panos lixeiros ou bolsas de plástico

Descrición:

Exploramos o mundo dos “obxectos que voan”, observando o seu movemento e realizando algúns xogos. Propoñemos distintos xogos e variantes para que sexan adaptables ás idades de infantil, 1º ou 2º de primaria segundo as posibilidades do alumnado en cada etapa.

O proceso:

Xogo 1. O “obxecto que voa” . Collemos un “obxecto que voa” como unha bolsa de plástico, un pano lixeiro ou un globo.

1.1. Lanzamos ao aire e observamos como cae.

1.2. Lanzamos ao aire e tentamos collelo antes de que caia ao chan.

1.3. Lanzamos ao aire e no tempo en que tarda en chegar ao chan realizamos unha acción Exemplos de accións: dar unha palmanda, dar un salto, facer un xiro, chocar as mans cun compañeiro, dar un abrazo a alguén, sentar no chan

e volveuse a erguer, ir tocar a parede e voltar...

Variante primaria: podemos intentar facer a acción e volver a coller o obxecto antes de que caia ao chan, facendo unha variante máis difícil. Ou sumar máis de unha acción

Variante en grupo: Facemos un círculo e temos un só obxecto. Unha persoa sitúase no medio, lanza o obxecto cara arriba e volve ao círculo. O seguinte compañeiro ten que entrar no medio e coller o globo antes de que caia ao chan e lanzalo de novo. Así sucesivamente.

1.4. Facemos a nosa danza libre co obxecto. Ao son da música bailamos co obxecto polo espazo e co sinal (palmada ou similar) o lanzamos ao aire e collemos o do compañeiro para seguir a nosa danza.

Variante: facemos unha danza en círculo sen soltar o globo e co sinal lanzamos ao aire e collemos o do compañeiro.

Xogo 2. Globos!

2.1. Lanzamos o globo e tentamos que non caia, golpeando o globo coas mans.

Variante difícil: golpeamos con distintas partes do corpo que non sexan as mans

Variante en grupo: facemos o mesmo pasándoo entre as persoas do grupo

Variante grupal primaria: collemos unha temática ou campo semántico e en cada toque que se lle dá ao globo o alumno ten que dicir unha palabra en relación. Podemos usar outro idioma tamén

2.2. Facemos un circuito ou carreira mantendo o globo con nós sen agarralo, só guiándoo con pequenos toques con distintas partes do corpo

Variante fácil: Deixamos caer o globo e o seguimos mentres se move polo aire ou polo chan

2.3. Con música. Nos pasamos o globo en grupo, e cando a música para facemos unha acción (*ex: dicimos unha palabra, saltamos, damos unha volta...*)

2.4. Carreira: transportamos o globo entre dúas, tres ou máis persoas con distintas partes do corpo sen que caia ao chan, por exemplo entre as costas, entre as barrigas, entre as cabezas, etc.

Anexo I

Músicas do espectáculo VOO

Área: Comunicación, Descubrimento da contorna, Crecemento en harmonía

Competencias: CCL, CP, STEM, CPSAA, CC, CE, CCEC

Obxectivos: coñecer o propio corpo e o das outras persoas, desenvolver

habilidades motoras e comunicativas, traballo en equipo, cooperación, musicalidade e ritmo

ACTIVIDADE 3.

E NÓS, PODEMOS VOAR?

Ámbito: Pensamento científico, creatividade, psicomotricidade, imaxinación, abstracción

Materiais ou elementos necesarios: espazo da aula

Descrición:

Tras observar e poñer en común as cousas que voan e que coñecemos na *Actividade 1*, mais a experiencia de xogo cos obxectos da *Actividade 2*, a proposta agora parte da seguinte pregunta: e nós, podemos voar? Animamos ao alumnado a facerse preguntas arredor desta cuestión segundo a complexidade da súa idade.

Invitamos logo á imaxinación: cómo faríamos se voásemos? A través desta proposta imposible, apelamos ao imaxinario do alumno a aos referentes que temos e exploramos xuntas. Esta actividade consiste en recrear e explorar a través do xogo e o movemento o feito de voar. Xogamos a imitar o movemento das cousas que voan descubriendo novas formas de movernos no noso propio corpo.

O proceso:

1. En círculo, lembramos os elementos, cousas e seres vivos que descubrimos na actividade 1. Como son?

2. *Xogo: A voar!*

con música, nos movemos pola aula como se voásemos.

2.1. Voamos de distintas formas: rápido, lento, alto, baixo, en círculos, en liñas rectas, nun día de sol, nun día de tormenta, sós ou en grupo...etc. Podemos comezar o voo collendo impulso, de un salto, en carreira, a modiño, ... Inventamos, creamos a partir de distintas premisas

2.2. Imitamos cousas que voan: como se fósemos un paxaro, unha bolboreta, como se fósemos un avión...

Variante: a isto podemos engadirlle unha acción: un paxaro cazando un peixe, unha bolboreta que voa e se pousa nunha flor, un avión que despega, etc

2.3. A música é o aire que nos impulsa para voar. Cando a música para temos que abrazarnos aos compañeiros para non caer

2.4. Pilla pilla pero todos voando. Buscar un lugar para “pousarse” que pode ser un lugar onde non te poden pillar (casa)

Anexo I

Músicas do espectáculo VOO

Área: Crecimiento en harmonía, Comunicación e representación da realidade

Competencias: CCL, STEM, CPSAA, CC, CE, CCEC

Obxectivos: coñecer o propio corpo e as súas posibilidades, desenvolver habilidades comunicativas, musicalidade e ritmo, imaxinación e creatividade, abstracción, expresión artística

2. Día da saída ao teatro

Propoñemos explicar brevemente ao alumnado que é o teatro e que eles van ser o público. Animamos ao alumnado en fixarse ben no que vai suceder en escena:

- Que elementos hai?
- Que fan as actrices?
- Que emocións recoñecemos?

3. Actividades posteriores ao espectáculo

As actividades posteriores ao espectáculo teñen por obxectivo o disfrute da creatividade plástica e de movemento expresivo tras ter como referente o que sucedeu na escena. É unha forma de prolongar o disfrute da experiencia teatral e expresala dende os seus propios corpos e o seu imaxinario particular, fomentando a creatividade tanto a nivel individual como grupal.

ACTIVIDADE 4.

QUE FOI O QUE VIMOS? DEBUXAMOS

Ámbito: expresión artística, plástica, creatividade, destrezas manuais

Materiais ou elementos necesarios: Pepel, lápices e cores

Descrición:

Esta actividade trátase de representar o que viron no espectáculo. Cada alumno fará o seu debuxo libre sobre a obra e logo podemos colgalos na

clase ou compartilos no chan, en círculo, para que todos podan ver que debuxaron os seus compañeiros.

O proceso:

1. Collemos papel, lápiz e cores e debuxamos o que queiramos sobre a obra que vimos.
2. Compartimos os debuxos. Que debuxou cada un? Que foi o que máis nos gustou?

Área: Comunicación e Representación da realidade, Crecemento en harmonía

Competencias: CCL, CPSAA, CE, CCEC

Obxectivos: expresión artística, destrezas manuais, creatividade, abstracción, comunicación grupal

ACTIVIDADE 5.

QUE ELEMENTOS VIMOS NA OBRA?

Ámbito: matemáticas, ciencia, comunicación, memoria visual e artes plásticas

Materiais ou elementos necesarios: papel ou cartulinas, lápices e/ou rotuladores

Descrición:

Na obra de teatro aparecen moitos elementos en escena. Que son? Que formas teñen? Recoñecemos formas xeométricas? Podemos debuxalos? Como usaron as actrices eses elementos?

Exemplos dos elementos básicos: chan cadrado, globos pequenos, globos grandes, pelotas, escaleiras, nubes.

O proceso:

1. Facemos un círculo
2. Identificamos os elementos que teñen relación con formas xeométricas que coñecemos
3. Nos colocamos en grupos e debuxamos cada elemento dúas veces, por separado, en dúas tarxetas distintas. Podemos usar por exemplo un rectángulo de cartulina para cada elemento.
Infantil: os elementos os pode debuxar o preofesorado
4. No noso grupo colocamos todas as tarxetas boca abaixo e mesturamos. Cada persoa levanta por turnos dúas tarxetas e as volve poñer boca abaixo ata descubrir as parellas e acertar a levantalas no mesmo turno.

Variante: Para complicar o xogo e que haxa máis parellas, podemos introducir máis elementos que había no teatro, como por exemplo as actrices, as nubes, o público, as butacas...Cada grupo pode inventar e debuxar novas tarxetas que engadir ao xogo en relación á experiencia do teatro. Logo pódense compartir as invencións que cada grupo fixo e por que introduciron ese elemento.

Para infantil:

A profesora pode debuxar as tarxetas mentres conversan e eles xogar a descubrir as parellas.

Anexo II

Exemplo dos debuxos dos elementos

Área: Comunicación e Representación da realidade, Crecemento en harmonía, Descubrimento da contorna

Competencias: CCL, CPSAA, CE, CC, CCEC

Obxectivos: expresión artística, destrezas manuais, creatividade, abstracción, comunicación e traballo grupal, axilidade e memoria visual

ACTIVIDADE 6.

QUE FOI O QUE SENTIMOS? REPRESENTAMOS!

Ámbito: artes plásticas, creatividade, comunicación

Materiais ou elementos necesarios: espazo da aula

Descrición:

Na peza de teatro hai moitas emocións, cales recoñecemos? Propoñemos falar das emocións que tiveron as actrices durante a, recoñecelas e aproveitar para entender como xestionalas. Unha vez posto en común, propoñemos unha sesión de expresión corporal e movemento en relación co que viron e sentiron no espectáculo, recreando algunhas escenas. Que emocións apareceron no espectáculo? Que momentos sucederon? Identificamos emocións e accións e as representamos.

O proceso:

1. Círculo. Que emocións apareceron no espectáculo? As recoñecemos? Podemos poñerlles nome? Que facemos cando temos esa emoción? Que podemos facer coas emocións que non nos gustan?

2. Que momentos sucederon no espectáculo? Que lembramos?

3. Por grupos, escollemos unha escena e a representamos ao noso xeito.

Podemos variar o que queiramos e podemos usar elementos que aparecen no espectáculo e/ou elementos novos que se nos ocorran ou que podan substituír aos que aparecen na obra.

Variante para infantil: recreamos unha das escenas de danza xogando co equilibrio e as distintas alturas con respecto ao: rodar polo chan, desprazarnos en 4 apoios e bailar de pé.

Área: comunicación e representación da realidade, crecemento en harmonía

Competencias: CCL, STEM, CPSAA, CC, CE, CCEC

Obxectivos: participar en xogos simbólicos, comunicación, habilidades motoras, musicalidade e ritmo, cooperación, traballo en equipo

ANEXOS I e II

Enlace:

https://drive.google.com/drive/folders/19yqIF52s6nILWPoS_7dKVrIoDBREqWQ9?usp=share_link